

Estimados pais e nais:

Para o vindeiro martes, 25 de abril, a organización *Erguer* convocou unha folga estudiantil. Polo que respecta ao alumnado, tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das *Normas de Organización e Funcionamento* do IES de Mugardos:

“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, **a partir do terceiro curso de ESO**, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establecese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)

De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxaría o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obligatoria.”

Comunicámoslles que a Xunta de Delegados/as anunciou á dirección do centro a súa intención de apoiar as mobilizacións previstas.

Segundo o regulamento do centro, **agardamos que os proxenitores ou titores legais do alumnado menor de idade asinen o recibo da información.**

Por último, lembramos que nos servizos de transporte, oficina e docencia continuarán en funcionamento para atender ás alumnas e alumnos que no exercicio do seu dereito asistan a clase.



O director



A cubrir pola secretaría do centro

DATA: de de 20.....

Don/a.....DNI.....

en calidade de nai/pai/titor legal de.....

alumna do curso..... grupo.....

COMUNICA a recepción desta circular informativa sobre a *folga estudiantil* convocada para o 25 de abril de 2023.

Asdo:.....